CN-B1.2	3º-CNB1.2.1 - Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.	Establece conxecturas a sucesos e problemas con axuda.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CAA CMCT SIEE
CN-B1.3	3º-CNB1.3.1 - Coñece e	Usa con axuda estratexias de	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CAA



	aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	estudo e traballo no traballo individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CSC CSIEE
<b>Bloque 2 : O ser humano e saúde</b>							
CN-B2.1	3º-CNB2.1.1 - Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	Explica con axuda a morfoloxía externa máis sinxela do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.1	3º-CNB2.1.2 - Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	Coñece algúns dos principais órganos vitais e entende a súa importancia.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.2	3º-CNB2.2.1 - Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.	Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CMCT CSC
CN-B2.2	3º-CNB2.2.2 - Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e recoñece actuacións para á súa prevención.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.3	3º-CNB2.3.1 - Clasifica	Clasifica algúns alimentos en	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CMCT

	alimentos en función dos nutrientes principais.	función dos nutrientes principais.				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	
CN-B2.3	3º-CNB2.3.2 - Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.	Diferencia as características principais de dieta equilibrada e non equilibrada e elabora a partires de modelos un menú saudable na escola.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSCCS IEE
<b>Bloque 3: Os seres vivos</b>							
CN-B3.1	3º-CNB3.1.1 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	Observa, identifica e recoñece algunhas características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSIEE
CN-B3.1	3º-CNB3.1.2 - Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.	Observa, identifica e recoñece algunhas características das plantas do seu contorno e clasifícaas con axuda.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CSIEE
CN-B3.1	3º-CNB3.1.3 - Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.	Utiliza claves e guías que se lle ofrecen para a clasificación de animais e plantas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CAA
CN-B3.2	3º-CNB3.2.1 - Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica de forma sinxela.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B3.2	3º-CNB3.2.2 - Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital	Expón de xeito oral e escrito algúns aspectos do ciclo vital.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CSIEE CD

	previamente planificado.						
<b>Bloque 4: Materia e enerxía</b>							
CN-B4.1	3º-CNB4.1.1 - Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.	Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos máis comúns.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CMCT</p> <p>CSC</p>
CN-B4.1	3º-CNB4.1.2 - Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.	Recoñece actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CMCT</p> <p>CSC</p>
CN-B4.2	3º-CNB4.2.1 - Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.	Explica de forma sinxela os cambios de estado da auga en situacións da vida cotián.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CMCT</p> <p>CCL</p>
CN-B4.2	3º-CNB4.2.2 - Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.	Realiza experiencias sinxelas con axuda para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CMCT</p>
CN-B4.3	3º-CNB4.3.1 - Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.	Compara con axuda densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CMCT</p>
CN-B4.3	3º-CNB4.3.2 - Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.	Realiza algunhas mesturas de uso doméstico.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CMCT</p>

Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas							
CN-B5.1	3º-CNB5.1.1 - Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento.	Coñece e emprega con axuda obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT
CN-B5.1	3º-CNB5.1.2 - Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.	Identifica a enerxía que empregan algúns obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCT CCL CSC
CN-B5.2	3º-CNB5.2.1 - Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	Identifica e describe algúns oficios en función das das máquinas que empregan.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT CCL CSC
CN-B5.2	3º-CNB5.2.2 - Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	CMCT CCEC CD

**TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO**

<b>CURSO</b>	BAROUTA		
<b>NIVEL</b>	3º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Ciencias Sociais (CS)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: Contidos comúns</b>							
CS-B1.1	3º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Busca información, selecciona a relevante con axuda e as comunica oralmente e/ou por escrito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Investigacións.	CAA CCL CD CMCT
CS-B1.1	3º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades	Manifesta certa autonomía na planificación e execución de tarefas coidando a súa presentación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSIEE CAA CMCT
CS-B1.2	3º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un	Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo cun comportamento axeitado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSC CAA CMCT

	comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.						
CS-B1.3	3º-CSB1.3.1 - Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos da área.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CMCT CSC
<b>Bloque 2: O mundo que nos rodea</b>							
CS-B2.1	3º-CSB2.1.1 - Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	Identifica os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCT CD
CS-B2.2	3º-CSB2.2.1 - Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.	Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCT CCL
CS-B2.2	3º-CSB2.2.2 - Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	Expón, de maneira sinxela, o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCT CCL
CS-B2.2	3º-CSB2.2.3 - Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características	Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CMCT CCL

	principais.						
CS-B2.3	3º-CSB2.3.1 - Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	Identifica, nomea e describe de forma sinxela as capas da Terra.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.3	3º-CSB2.3.2 - Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.	Explica de forma sinxela que é un volcán e nomea algunha medida para previr danos.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CAA
CS-B2.4	3º-CSB2.4.1 - Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.	Recoñece varias formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.5	3º-CSB2.5.1 - Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.	Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta a partir de modelos unha escala sinxela nun mapa e identifica signos sinxelos do mesmo	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA
CS-B2.6	3º-CSB2.6.1 - Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.	Orientase con axuda no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA
CS-B2.7	3º-CSB2.7.1 - Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.	Identifica algúns fenómenos atmosféricos e describe de forma sinxela a formación das nubes e as precipitacións.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.8	3º-CSB2.8.1 - Identifica e	Identifica algúns aparellos de		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CMCT

	sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.	medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CD CAA
CS-B2.9	3º-CSB2.9.1 - Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.	Describe de forma sinxela unha estación meteorolóxica, explica a súa función, coñece gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSIEE CAA CMCT
CS-B2.10	3º-CSB2.10.1 - Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.	Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais partindo de modelos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CAA CMCT
CS-B2.11	3º-CSB2.11.1 - Diferencia entre clima e tempo atmosférico.	Diferencia entre clima e tempo atmosférico.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CS-B2.11	3º-CSB2.11.2 - Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.	Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.12	3º-CSB2.12.1 - Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	Nomea as fases nas que se produce o ciclo da auga.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA
CS-B2.13	3º-CSB2.13.1 - Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade	Define paisaxe, identifica os seus elementos principais e recoñece algúns tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL



	autónoma.						
CS-B2.14	3º-CSB2.14.1 - Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.	Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT CAA
CS-B2.15	3º-CSB2.15.1 - Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	Explica de forma sinxela o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC CCL
CS-B2.15	3º-CSB2.15.2 - Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo	Comprende a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo		X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC CCL
CS-B2.15	3º-CSB2.15.3 - Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.	Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CSC CCL
<b>Bloque 3: Vivir en sociedade</b>							
CS-B3.1	3º-CSB3.1.1 - Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	Nomea algúns elementos da estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CSC CCL
CS-B3.2	3º-CSB3.2.1 - Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social e lingüística		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	CSC CEC

CS-B3.3	3º-CSB3.3.1 - Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.	Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas partindo de modelos.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CMCT CCL
CS-B3.4	3º-CSB3.4.1 - Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B3.5	3º-CSB3.5.1 - Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.	Coñece as normas básicas de circulación.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSC
<b>Bloque 4: As pegadas do tempo</b>							
CS-B4.1	3º-CSB4.1.1 - Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C	Identifica o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA
CS-B4.1	3º-CSB4.1.2 - Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.	Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA
CS-B4.2	3º-CSB4.2.1 - Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica	Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CCEC

	fundamental.						
CS-B4.2	3º-CSB4.2.2 - Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.	Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia dos avances máis importantes entre elas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p>
CS-B4.2	3º-CSB4.2.3 - Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.	Nomea algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CSC</p> <p>CCL</p>
CS-B4.3	3º-CSB4.3.1 - Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.	Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e o seu valor como fonte histórica.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p>
CS-B4.4	3º-CSB4.4.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Valora o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p>

**TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO**

<b>CURSO</b>	BAROUTA		
<b>NIVEL</b>	3º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Educación Plástica (EP)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: Educación audiovisual</b>							
EP-B1.1	3º-EPB1.1.1 - Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita.	Establece pautas sinxelas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA
EP-B1.1	3º-EPB1.1.2 - Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.	Describe as características básicas das sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais .	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CCEC
EP-B1.1	3º-EPB1.1.3 - Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.	Identifica algúns termos propios da linguaxe plástica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CCEC
EP-B1.2	3º-EPB1.2.1 - Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes	Interpreta a información que ofrecen as imaxes e comunica as sensacións	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CCEC

	no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.						
EP-B1.2	3º-EPB1.2.2 - Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCL CCEC
EP-B1.3	3º-EPB1.3.1 - Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.	Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCL CCEC
EP-B1.3	3º-EPB1.3.2 - Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.	Clasifica texturas, formas e cores básicos atendendo a criterios de similitude ou diferenza.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCL CCEC
EP-B1.3	3º-EPB1.3.3 - Diferencia e reconece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.	Diferencia as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCL CCEC
EP-B1.4	3º-EPB1.4.1 - Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.	Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CSC CCL
EP-B1.4	3º-EPB1.4.2 - Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.	Procura información sobre artistas plásticos/as, e sobre a súa obra.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CSC CAA
EP-B1.4	3º-EPB1.4.3 - Aмосa interese por coñecer formas de expresión de	Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra,			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCEC CSC CD

	autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información	empregando as tecnoloxías da información				INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	
EP-B1.4	3º-EPB1.4.4 - Relaciona artistas coas obras máis representativas.	Relaciona algúns artistas coas obras máis representativas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CSC CCL
<b>Bloque 2: Expresión artística</b>							
EP-B2.1	3º-EPB2.1.1 - Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades, manexando algunhas técnicas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.2 - Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.	Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, acuarelas etc. para a composición de obras.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.3 - Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando algunhas técnicas básicas	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.4 - Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.	Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.5 - Completa figuras seguindo as liñas como guía.	Completa figuras seguindo as liñas como guía.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP DE BAROUTA - CURSO 2021- 2022

EP-B2.1	3º-EPB2.1.6 - Combina técnicas de picado, encartado e pegado.	Combina técnicas de picado, encartado e pegado.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.7 - Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.	Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada con axuda			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.8 - Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.	Usa a técnica de colaxe, manexando técnicas básicas.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B2.1	3º-EPB2.1.9 - Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.	Fai composicións básicas a partir do eixe de simetría con axuda.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CMCT
EP-B2.1	3º-EPB2.1.10 - Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.	Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado partindo de modelos e seguindo instrucións dadas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CMCT
EP-B2.1	3º-EPB2.1.11 - Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas.	Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula partindo de modelos e seguindo instrucións dadas			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CMCT
EP-B2.2	3º-EPB2.2.1 - Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CSC
EP-B2.3	3º-EPB2.3.1 - Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas	Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CD

	que lle foran encomendadas.						
EP-B2.4	3º-EPB2.4.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información básica sobre o seu contexto cultural e artístico.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p>
EP-B2.4	3º-EPB2.4.2 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	<p>CCEC</p> <p>CD</p>



## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Poñerase especial atención á diversidade do alumnado na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizarase a práctica docente diaria de xeito que se garanta a incorporación dun tempo de lectura non inferior a trinta minutos, así como a inclusión das actividades previstas no plan anual de lectura do centro para a consecución da competencia lingüística. Inclúiranse diariamente rutinas COVID e actividades destinadas á mellora da saúde.

O uso das TIC como recurso didáctico e a inclusión de actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación serán as prioridades para preparar as actuacións nos distintos escenarios que se van presentar ao longo do curso: presencial, semipresencial e a distancia.

Nas aulas, traballarase as unidades didácticas e/ou proxectos propostos para este curso coa axuda dos materiais físicos e dixitais dispoñibles, tratando de inicialas de maneira motivadora, despois da exploración de ideas e coñecementos previos. Respetarase a diversidade con tarefas de reforzo e ampliación segundo conveña e co apoio do profesorado de PT e AL nas materias onde se precise.

O alumnado deberá manexar diferentes destrezas que impliquen traballo en grupo colaborativo como unha forma de practicar a capacidade empática. e de saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa, o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A metodoloxía tratará de ser o máis activa e participativa posible, o profesorado será un elemento facilitador no desenvolvemento de tarefas e na resolución de problemas, propoñendo indagacións e investigacións sobre documentos, textos, prensa, etc. Ademais da memorización comprensiva, a análise de documentos, a elaboración de sínteses, e exposición oral e o interese pola lectura e o estudo, aplicaranse técnicas de traballo cooperativo, que desenvolvan as capacidades de todos e cada un dos integrantes dun equipo

Nas áreas de Lingua Castelá e Galega facilitarase a escoita, falar e conversar como unha metodoloxía activa e participativa que se baseará en actividades de intervención constante para facer participar a todos/as a base de

preguntas e de explicacións directas. Insistirase, sobre todo, no fomento das destrezas orais e en favorecer experiencias gozosas coa lectura, despertando o hábito lector. No proceso de lectoescritura, traballarase tanto dende unha perspectiva construtivista como analítica.

Na área de Matemáticas, favoreceranse estratexias de cálculo mental, numeración, operacións e resolución de problemas para afianzar as aprendizaxes e desenvolver capacidades básicas: comprensión dun enunciado, reflexión, comunicación dos resultados, uso de algoritmos...Insistirase na resolución de problemas, xa que é un recurso para a reflexión sobre os conceptos de suma e resta, e aplique os coñecementos adquiridos a situacións da vida cotiá. Sempre que sexa posible, traballarase con material manipulable.

Na área Valores Sociais e Cívicos, tratarase de favorecer o coñecemento das emocións básicas, así como a expresión das mesmas a través de xogos, contos, vídeos,...

En relación ás áreas de Sociais, Naturais e Educación Artística, traballarase a través de proxectos que integre todos os estándares destas áreas, principalmente das áreas de ciencias.

O traballo na casa consistirá en completar traballos de clase, lecturas, documentación, esquemas ou resúmenes ou repasar o realizado durante as sesións e, en momentos puntuais encargarse a elaboración de pequenos traballos de investigación. Tratarase de que ese traballo non sexa excesivo e permita ao alumnado ter tempo libre, pero cree hábito de estudo e planificación diaria do material.

A avaliación terá en conta todo o indicado, analizando as producións dos alumnos, orais e escritas, así como o traballo individual e en equipo, realizando probas escritas e observación do traballo na aula. Valoraranse as aprendizaxes que poidan ser medidas cos procedementos e instrumentos adecuados ao escenario no que nos atopemos; así, se o ensino se está a realizar é presencial, valoraranse todos os instrumentos previstos, pero se é a distancia, teranse en conta exclusivamente as producións do alumnado.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Contamos cos recursos persoais que dispón do centro educativo, facendo fincapé nos mestres de PT, AL e orientadora. Empregaremos material impreso, as TIC, material funxible e tamén o fondo de libros de texto, ademais do material informático do que dispón o centro, biblioteca e outros espazos de lecer.

## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os **criterios de avaliación** están especificados na programación do curso e atenderán aos seguintes aspectos:

- progreso do alumno e alumna na área.
- diferentes elementos do currículo.
- adquisición das competencias clave.
- necesidade de establecer medidas de reforzo.

### **- Criterios para a cualificación:**

A nota final será o conxunto de varios aspectos: esforzo e predisposición, actitude ante o traballo na aula, traballos feitos na aula, implicación na realización das actividades....

As porcentaxes referidas a cada área son as seguintes:

- actitude ante o traballo: 20%
- probas escritas e/ou traballos: 40%
- produccións propias (caderno, fichas, tarefas de clase):40%

Os criterios de cualificación serán:

- 0,1,2,3,4: insuficiente
- 5: suficiente
- 6: ben
- 7/8: notable
- 9/10: sobresaínte

### **Criterios para a promoción do alumnado:**

O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madurez.

Así mesmo promocionará sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo curso.

A decisión de promoción dun alumno tomaraa o equipo docente de forma colexiada. Para esta decisión, haberá que ter tomado especial consideración a opinión da titora. Para tomar as decisións sobre promoción, terase en conta o grao de consecución de cada estándar que presente o alumno, especialmente en estándares considerados fundamentais ou máis completos por englobar varios aspectos.

Como norma xeral, promocionarán:

- Os alumnos que superen todas as áreas.
- Os alumnos que superen as áreas de Lingua galega e Lingua castelá e Matemáticas, aínda que non superen algunha das outras áreas ou a totalidade das outras áreas.
- Os alumnos que, sen superar as áreas de Lingua galega, Lingua castelá e Matemáticas se considere que pode superalas no vindeiro curso cun plan de reforzo específico.

E non promocionarán:

- Os alumnos que non superen as áreas de Lingua galega e/ou Lingua castelá e/ou Matemáticas e se considere que non poderán superalas no vindeiro curso aínda cun plan de reforzo específico.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

ESCALA DE OBSERVACIÓN	1	2	3	4
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Levarase a cabo durante os primeiros quince días de curso mediante diferentes instrumentos. Realizánselles aos alumnos/as probas tanto de competencia lingüística como de competencia matemática, con contidos traballados no curso pasado para saber cal é o punto de partida para levar a cabo o proceso de ensino e aprendizaxe.

Incluiranse tamén outros aspectos que consideramos importantes á hora de realizar a avaliación inicial do alumnado: a autonomía persoal, a adaptación ao grupo, a adquisición das normas, as relacións establecidas cos compañeiros/as, a escoita e a atención e os hábitos de traballo.

Os resultados desta avaliación rexistraranse nunha lista de cotexo, coas correspondentes observacións. Esta información axudará a valorar as dificultades ou axudas que precise o alumnado; tamén se utilizará como punto de partida da avaliación continua. As avaliacións iniciais permitirannos facer as propostas de intervención, respondendo, deste xeito, ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Os resultados finais recolleranse no informe inicial de cada alumno/a no XADE. As familias serán informadas do resultado desta avaliación.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
-Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.	-Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/a / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
-Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.	-Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
-Espazos diferenciados.	-Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.
-Materiais e recursos didácticos diferenciados.	-Programa específico para alumnado repetidor da materia.
-Desdoblamento de grupos.	-Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.
-Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.	

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT/AL.</li> <li>- De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</li> <li>- De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</li> <li>- Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptacións curriculares na materia-</li> <li>- De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> <li>- Alumnado con flexibilización na escolarización.</li> <li>- Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptacións... (coord cos PT/AL, profesorado de apoio...)</li> </ul>

Na aula contamos con dous alumnos/as con TDAH. Seguiremos as pautas recollidas no protocolo da Xunta.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Como aparece no RD 126/2014, no artigo 11, hai elementos transversais que deberán tratarse en todas as áreas, sen perxuízo de que teñan un tratamento específico nalgunha delas. Eses elementos transversais son os seguintes:

- ✓ Comprensión lectora e expresión oral e escrita
- ✓ Comunicación audiovisual e TIC
- ✓ Espíritu emprendedor
- ✓ Educación cívica
- ✓ Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- ✓ Seguridade viaria
- ✓ Sostenibilidade e coidado do medio ambiente

Estes valores serán tidos en conta durante toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos, de seleccionar estratexias que permitan o traballo en equipo e a colaboración.

Algunhas estratexias a utilizar serán asembleas, diálogos, dramatizacións, entramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores. E, por suposto, os libros son un recurso fundamental para traballar estes elementos que deben impregnar todo o currículo, non só pola posibilidade de seleccionar os que conteñen historias con contidos deste tipo, senón porque os libros e as lecturas permítenos traballar emocións, estados de ánimo, diferentes motivacións, empatía e no lugar dos personaxes...

Ademais, terase en conta a importancia de colaborar coas familias a través das tutorías para que estes elementos transversais se consideren importantes tamén na casa e asegurar a coherencia entre familia e escola.

## 12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Aparecen recollidas na Programación Xeral Anual. Prográmanse, na medida que sexa posible, visitas culturais, exposicións, obras de teatro... Dende os equipos de Actividades Extraescolares, Biblioteca e Dinamización Lingüística proporáanse actividades ao longo do curso nas que a aula participará.

Entre elas están:

- Conmemoracións e celebracións: Samaín, Magosto, Festival de Nadal, Día do Libro, Entroido, Día da Paz, Día do Libro, Letras Galegas, Os Maios.
- Visitas culturais e excursións: as que se propoñan por parte dos mestres, contando co coñecemento do Claustro e coa aprobación do Consello Escolar.
- Actividades deportivas que o centro organice.

## 13.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

O Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura desenvolverán o tratamento e divulgación da información necesaria para o seu estudo. Desta maneira, estamos levando a cabo a formación de lectores competentes, así coma a introdución nas TIC. Tamén incluímos neste eido o tempo dedicado á lectura dentro do horario lectivo, así como a promoción da biblioteca de aula e de centro.

O Plan de Acción Titorial, o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Convivencia contribúen a través da titoría docente, a atención á necesidades do alumnado, ao respecto das diferenzas, á non discriminación de ningún tipo e á consecución de medidas para contribuír ao axeitado clima positivo de centro.

## 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Durante as sesións de Xunta de Avaliación trimestral e ordinaria levadas a cabo polo profesorado implicado en cada nivel teranse en conta todos os aspectos fundamentais para o bo desenvolvemento do alumnado. O mellor mecanismo para avaliar a programación didáctica é revisar se todo o profesorado a segue e resulta práctica para obter as valoracións necesarias. Esta revisión propoñeráse dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica, unha vez revisados os resultados das avaliacións trimestrais e as observacións recollidas polo profesorado implicado. Trasladarase aos niveis e estes adicarán parte das súas reunións en resolver modificacións que se consensuará de novo en reunión de CCP.

A titora: Patricia Negreira Souto